



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, na sesión inaugural da Asemblea Plenaria da Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas (CALRE) 2014

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2014

Presidente da Xunta de Galicia
Presidente do Comité das Rexións
Alcalde de Santiago

Membros da CALRE
Representantes das Asociacións

Estamos aquí para contribuír ao proceso de integración europea, para facer máis Europa, para estreitar aínda máis os lazos entre os nosos pobos, para traballar porque cada día a nosa unión sexa máis e máis forte.

Vivimos tempos contraditorios. Tempos de desafección cara ás institucións comunitarias, de decepción ante as dificultades e a lentitude con que respondemos ante elas os gobernos, de sacrificio, de problemas, de lenta recuperación e de tensión social e política. Pero fronte a este ánimo negativo tamén hai confianza. Porque onde aniña a

desilusión cohabita e resiste o profundo sentimento que arraigou hai moitos anos en Europa, ese sentimento que no medio de tantas dúbidas fai que sigamos adiante con pasos tan importantes como o que esta mesma semana permitiu centralizar o control do sistema financeiro dos países da UE.

Na CALRE, que reúne os 74 parlamentos rexionais con poder lexislativo da Unión Europea, localizados en 8 estados, coñecemos moi ben a importancia de traballar conxuntamente para acadar obxectivos comúns. Hai 17 anos decidimos constituírnos como asociación en Oviedo, precisamente para lograr que as nosas cámaras, en conxunto e individualmente, tiveran máis influencia no proceso lexislativo concentrado en Bruselas.

Grazas a un notable e continuado esforzo, hoxe temos avanzado moito nas nosas aspiracións e mantemos estreitos contactos coas principais institucións comunitarias, ademais de sermos parte fundamental na aplicación do principio de subsidiariedade, que garante o mellor desenvolvemento das políticas europeas no ámbito máis próximo ao cidadán. A estes logros hai que sumar as constantes achegas realizadas polos grupos de traballo da CALRE para enriquecer as iniciativas da UE.

Todos os que estamos aquí valoramos moito ese empeño conxunto por contribuír a mellorar as cousas, esa filosofía que nos leva a camiñar xuntos cara adiante, ese espírito co que, precisamente pasadomañá, lembraremos e conmemoraremos todos a desaparición do Muro por antonomasia, o Muro de Berlín, cuxa caída abriu unha nova etapa na Unión Europea. Mais esa unión ten, non obstante,

ameazas poderosas, que se aproveitan daquela desafección cara aos organismos comunitarios que mencionei anteriormente e se presentan baixo formas extremas, personalistas, egoístas e populistas, que mesmo chegan a amosar desprezo polas regras de xogo que todos asumimos en democracia.

A CALRE representa o contrario, a Europa de futuro, a Europa chamada a manter a súa condición de referente político e de liberdades no mundo, a Europa pola que paga a pena loitar e traballar arreo. E iso é o que xa estamos a facer desde onte á tarde e que continuaremos facendo hoxe e mañá.

A Asemblea Plenaria da Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas supón ademais, dalgún xeito, unha grande homenaxe ao parlamentarismo. Todos nós defendemos nas nosas respectivas rexións a fundamental razón de ser dos parlamentos como eixos e expresións das nosas democracias. Neles prenden valores como a convivencia, a tolerancia, o pluralismo e o diálogo.

Para min, esta reunión ten así mesmo, loxicamente, un significado moi especial, non só porque se trata dun dos últimos actos coma presidenta de CALRE, senón porque ten lugar na capital da miña terra. Que desde Galicia esteamos unha vez máis sendo protagonistas do desenvolvemento sustentable e ordenado desa Europa dos pobos engrandece o novo sentimento de orgullo en todos nós. Constatarmos a través das conclusións que se debaterán aquí os avances acadados neste intenso período de tempo confío en que multiplique esa sensación de satisfacción polo traballo compartido, desenvolvido por todos ao longo deste ano.

Quero facer constar o meu agradecemento especial aos representantes das institucións que veñen das terras máis afastadas: EEUU, Québec (Canadá), Xapón e mesmo os nosos amigos de Taiwán, que tamén nos acompañan, aínda que sexa de xeito virtual.

Agradecementos ao presidente do Comité das Rexións, aos representantes das institucións europeas, da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas, e do Congreso de Autoridades Locais e Rexionais do Consello de Europa.

A todos os presidentes e presidentas da CALRE e ás súas delegacións, representante do Comité das Rexións Europeas, grazas pola vosa presenza en Santiago de Compostela.

Para rematar, quero desexarvos unha estadía agradable en Galicia, que estou convencida que así será. Moitas grazas.

Agora cedo a palabra ao alcalde de Santiago de Compostela, para que vos dea a benvida á súa fermosa cidade, a Mr. Lebrum, presidente do Comité das Rexións, e aos representantes das asociacións que nos acompañan, para escoitar de todos eles o seu saúdo antes de que o presidente da Xunta peche este acto.